

## DECRETO

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

**ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA ÁS SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS E DE CONCURRENCIA COMPETITIVA DA ÁREA DE SERVIZOS SOCIAIS, VISTA A INCIDENCIA POSTA DE MANIFESTO POLA INTERVENCIÓN XERAL MUNICIPAL RELATIVA AO APLICATIVO INFORMÁTICO DE CONFECCIÓN DO ORZAMENTO "GEMA".**

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 1-2022, por un importe total de 20.509,00 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2022, para dar cobertura ás subvencións nominativas e de concurrencia competitiva da área de Servizos Sociais e vista incidencia posta de manifesto pola Intervención Xeral Municipal relativa ao aplicativo informático de confección do Orzamento "Gema", téndose informada a previsión inicial da aplicación orzamentaria 23179.48900 de 375.000,00, sendo que o programa reflicte o importe de 354.991,00 €, isto é detectase unha diferenza de 20.509,00 €.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal de día 09.02.2022, así como RCMOD núm: 9772/2022 de día 09.02.2022, por importe total de 20.509,00 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

**Primeiro.** Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 20.509,00 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
21100.12700	20.509,00 €	23179.48900	20.509,00 €
<b>TOTAL CRÉDITO CEDIDO</b>	<b>20.509,00 €</b>	<b>TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO</b>	<b>20.509,00 €</b>

## INTERVENCIÓN

MVF/slb

Refª: ispac303722936474295671.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 1-2022 Subv. Serv. Soc.

**Segundo.** Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.